

PREMIOS E DOTACIÓN

Establécense dúas categorías de participación:

A. 5º e 6º de educación primaria

B. 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO).

Para cada unha destas categorías concederáse un primeiro e un segundo premio:

O PRIMEIRO PREMIO, consistirá nun vale por valor de 1000 euros destinado á adquisición de material escolar para o centro docente. O/a alumno/a e profesor/a recibirán cada un a súa tableta.

SEGUNDO PREMIO, consistirá nun vale por valor de 500 euros destinado á adquisición de material escolar para o centro docente. O/a alumno/a recibirá unha cámara de fotos deportiva e o/a profesor/a unha tableta.

RESOLUCIÓN:

Criterios e procedemento de concesión dos premios.

1. O xurado encargado de decidir e de resolver os premios estará integrado polos seguintes membros.

- **Presidente:** conselleiro/a de Sanidade, ou persoa en quen delegue.
- **Vicepresidente:** director/a de márketing de Gadisa, ou persoa en quen delegue.
- **Vogais:** dous representantes designados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Dous representantes da ADOS: o/a director/a da Axencia ou persoa en quen delegue e o/a coordinador/a autonómico/a de transplantes da dita axencia.

O persoal técnico da coordinación autonómica de transplantes exercerá como secretario/a do xurado.

2. Para a concesión dos premios atenderase aos seguintes criterios:

- A promoción e o fomento da doazón e/ou dos transplantes nos carteis.
- A calidade e utilidade da información que ofrece.

3. Logo de avaliados os carteis, o xurado emitirá unha acta na cal se concrete o resultado da avaliación efectuada. Notificarase aos premiados a hora e o lugar da entrega de premios, que se fará en acto público.


No caso de empate, o conselleiro de Sanidade terá voto dirimente.

Por proposta motivada do xurado, os premios poden quedar desertos.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será dun mes contado a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación dos carteis.

IV Concurso

de carteis para escolares
relacionado coa
doazón e os transplantes



a vida,
o mellor agasallo

Coordinación Autonómica de Transplantes

AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

881 54 28 63

Edificio administrativo San Lázaro
15703 - Santiago de Compostela

www.sergas.gal

curso escolar
2021/22
ALUMNOS E ALUMNAS
DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
e PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN
SECUNDARIA OBRIGATORIA

OBXECTO:

Un dos obxectivos primordiais na concienciación da doazón é o deseño de intervencións educativas dirixidas a mellorar a opinión sobre a doazón e os transplantes entre os máis novos. A formación dirixida a escolares permite dotar do coñecemento preciso na materia uns cidadáns que se atopan nunha idade, dende o punto de vista intelectual e social, moi receptiva, que lles permitirá tomar conciencia desta problemática.

FINALIDADE:

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade e con Gadisa Retail S.L.U. convoca un concurso de carteis dirixido aos escolares para o curso escolar 2021/22 que teña como tema a doazón e os transplantes, co fin de achegar esta realidade á poboación escolar da nosa comunidade autónoma, de modo que o alumnado sexa capaz de valorar os beneficios para a cidadanía do fomento da doazón de órganos e tecidos.

DESTINATARIOS:

Poderá participar no concurso de carteis o alumnado de **5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria** (ESO) de todos os centros educativos, tanto sostidos con fondos públicos coma privados, da Comunidade Autónoma galega.

INFORMACIÓN SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA:

1. En cada clase o profesorado realizará unha actividade formativa respecto á doazón e transplante que esperte no alumnado a sensibilidade polo tema e potencie a súa creatividade á hora de elaborar un cartel e o lema.
2. A Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS facilitará información aos centros interesados en participar a través do teléfono 881542863 e do correo cat.ados@sergas.gal, así como material de apoio sobre a doazón e o transplante para realizar a actividade formativa a través da súa páxina web <https://www.sergas.gal/Doazon-e-Transplantes>.

REQUISITOS:

Características dos carteis:

1. Contido
 - 1.1 O contido dos carteis tratará sobre a doazón e os transplantes de órganos e tecidos, e sobre todos os aspectos relacionados con estes.
2. Formato
Poderá realizarse en calquera técnica, plástica ou dixital que cumpra os seguintes requisitos:
 - 2.1. **Técnica plástica:** os carteis realizaranse en formato horizontal ou vertical coas medidas Din A-3 (42 por 29,7 cm).
 - 2.2. **Técnica dixital:** os carteis deberanse presentar en formato JPG cun peso máximo de 2 MB e dimensións correspondentes ao formato Din A-3.
3. Os carteis deberán incluír unha frase ou lema en galego normativo relacionado co fomento da doazón.
4. Cada alumno ou alumna poderá presentar un só cartel.
5. Normas de entrega dos carteis:
 - 5.1 As obras realizadas con técnicas plásticas remitiranse en sobre cerrado ao seguinte enderezo:

“IV Concurso de carteis”

Coordinación Autonómica de Transplantes de Galicia
Edificio Administrativo San Lázaro s/n
15703 - Santiago de Compostela

No reverso de cada cartel deberá figurar a seguinte información:

Lema

Nome e apelido do/a autor/a

Curso

Docente que titoriza o cartel

Datos do centro: nome do centro, teléfono, correo electrónico e enderezo

- 5.2 Para o formato dixital, os traballos enviaranse ao

enderezo electrónico: cat.ados@sergas.gal. No asunto constará “IV Concurso de carteis-formato dixital” e no corpo do correo figurarán os datos citados anteriormente sobre a autoría dos traballos.

6. Os carteis que non cumpran os criterios determinados nas presentes bases serán eliminados, así como aqueles cuxo tema non sexa o sinalado nestas bases. Só poderán presentarse aqueles traballos que fosen realizados baixo a titorización do docente do centro educativo.
7. A Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS reserva para si a posibilidade de empregar os carteis e lemas seleccionados polo xurado para a elaboración de traballos ou presentacións públicas e tamén de utilizalos como lema dalgunha campaña relacionada coas funcións da devandita oficina.
- 8.- A Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS, como organizadora e responsable do tratamento dos datos de carácter persoal solicitados con ocasión da participación no IV Concurso de carteis, comprométese a utilizalos única e exclusivamente para xestionar o concurso, o seu desenvolvemento, avaliación dos participantes e conclusión coa entrega de premios. Os datos non serán cedidos a terceiros. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ao tratamento e, se procede, oposición ao tratamento dirixíndose á Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS mediante correo electrónico ao seguinte enderezo: cat.ados@sergas.gal.
- 9.- A mera presentación á convocatoria representa a aceptación e coñecemento das presentes bases por parte das persoas participantes.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das obras rematará o **29 de abril de 2022**.